

ACTA

Nº 72 Ano 2022.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10,15 horas do día 19 de decembro de 2022, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ascensión Labella Lozano	S.X. Presidencia	4.42.85
Laura Suarez Fernández	D.X. Avaliación e Regorma	4.54.67

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Aser Lidia Tobio Martinez	CIG	620-412-818
Pablo Rama Remuiñan	CSIF	881-542-850
Florinda de la Fuente Moure	UGT	607-629-732

Asisten asimismo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, por Cualtis.

1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.

Se aproba a proposta de acta presentada.

2º Presentación e debate da programación das actividades preventivas de riscos laborais a realizar no 2022 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia. Para unha mellor articulación deste debate, realizarase por apartados:

- | | |
|-----------------------------|---------------------------|
| a) Xestión | b) Avaliacións |
| a) Medidas Emerxencia | d) Vixilancia da saúde |
| e) Formación | f) Participación sindical |
| g) Investigación accidentes | |

O Xefe do Servizo expón por apartados a programación elaborada, no relativo a xestión da prevención, non hai intervencións.

En canto as avaliaciós, vólvese a falar de novo do gas radon e da súa avaliaciós, esta vez a preguntas da CIG, expoñendo de novo o Xefe do Servizo que inda non está desenvolvida a regulación que definirá como facelo.

No relativo as medidas de emerxencia, vólvese a lembrar a necesidade de actualizar a composición dos equipos de emerxencia, dado a proximidade da resolución dun concurso de traslados con alta participación.

Na vixiancia da saúde, se manifestou polo Servizo de Prevención que a campaña para os recoñecementos médicos abrírase no primeiro martes de febreiro e durará ata finais de outubro.

No aspecto da formación, CSIF propón a inclusión no curso de primeiros auxilios dun apartado no que se fale do manexo dos desfibriladores, dada a súa maior presenza nos centros de traballo.

No referido a participación a Presidencia comprométese a requirir os comités que neste pasado ano non tiveron reunións que o fagan, en concreto foron os de Sanidade e da Admón. de Xustiza e o do Edificio Administrativo de Ourense.

En canto a investigación de accidentes, non houbo intervencións.

3.- Rogos e preguntas.

CSIF pregunta se é posible facilitar os datos de seguimento da aplicación das medidas correctoras nos diferentes ámbitos de función pública. A Administración resposta que calqueira cuestión relativa a medidas correctoras, débese levar os comités de seguridade dos diferentes ámbitos da administración.

Levántase a sesión, sendo as 11,15, h.

Vº Bº A PRESIDENTA

Vº Bº O SECRETARIO

ASCENSION LABELLA LOZANO

EDUARDO FREIRE POUSA